

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 12

SESION ORDINARIA DO 11 DE SETEMBRO DE 2005

ASISTENTES

Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia
Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge

López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Excma. Sra. Alcaldesa
Calviño Rodríguez, Xullo
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e seis minutos do día once de setembro do ano dous mil seis, coa Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, don José Manuel Figuroa Vila, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García (con retraso), Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA correspondente ó mes de AGOSTO conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. e Sras. Porro Martínez (disculpa ausencia), Calviño Rodríguez (disculpa ausencia), Cotobade Tombo (disculpa ausencia) e Iglesias Carrera. Está tamén presente o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

A Presidencia disculpa a ausencia da Sra. Alcaldesa por compromisos da súa axenda.

1.- (160).-ACTAS ANTERIORES. (S.ORDINARIA E EXTRAORD. 29.05.06)

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Porteiro García e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinaria e extraordinaria que tiveron lugar o día 29 de maio de 2006.

2.- (161).-PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2007.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entarda no Rexistro Xeral do 5 de setembro de 2006, o delegado provincial da Consellería de Traballo, en cumprimento da lexislación vixente, solicita se remita á devandita delegación proposta de festas locais neste municipio para o próximo ano 2007.

Visto o anterior, con data 6 de setembro a Alcaldía-presidencia formula a seguinte moción:

"En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de novembro, sobre xornadas especiais de traballo, esta Alcaldía somete á consideración do Pleno do Excmo. Concello de Vigo, que as dúas festas locais que corresponde fixar á Corporación municipal para o ano 2007, sexan os días 28 de marzo, Reconquista da Cidade e 16 de agosto, festividade de San Roque."

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Porteiro García e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobade Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Sinalar coma festivos locais neste municipio no próximo ano 2007 os días 28 de marzo, conmemoración da Reconquista da cidade, e 16 de agosto, festividade de San Roque.

3.- (162).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2006. CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA ADECUACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO IMD.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de agosto de 2006, o director técnico do IMD, coa conformidade da presidenta da Xunta Rectora do devandito organismo autónomo, informa o que segue:

"Na disposición final segunda do "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado para o período 1995-1997", previase o compromiso de efectuar durante o ano 1997 unha reclasificación dos postos de traballo do cadro municipal e a súa correspondente avaliación económica, co obxecto de seren aplicado o 1º de xaneiro de 1998.

Como queira que dito compromiso non chegou ser aplicado, os vixentes Acordo e Convenio reguladores das condicións económicas e sociais do persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, aprobados conxuntamente en sesión plenaria do 28 de decembro de 1998, vixentes para o período 1999-2002, recolle novamente esta previsión, tanto nas súas disposicións adicionais coma nas transitorias, prevendo o destino de 400.000.000 ptas. (2.404.048 €) para o seu cumprimento.

Por todo isto e seguindo as liñas directoras dos documentos elaborados polo equipo técnico designado por Decreto da Alcaldía-Presidencia do 10 de xaneiro de 2001 no Concello de Vigo e que basicamente son:

- a) Reordenar o contido das funcións que desenvolven cada un dos postos de traballo para adaptar ditas funcións a nova realidade xuridico-procedimental e a realidade social, económica e técnica que se require hoxe en día para dar de xeito correcto un adecuado nivel de servizo, xa que se considera imprescindible unha revisión e adaptación da estrutura humana para adaptala ás novas funcións que veñen obrigadas pola realidade.
- b) Estructurar o capital humano de xeito que queden clarexadas as funcións e competencias dos diferentes postos de traballo. Preténdese dar un mellor e máis eficaz servizo á cidadanía, xa que cada posto de

traballo contará cunha maior especialización e concreción e delimitarase a responsabilidade inherente ó mesmo.

- c) Adecuar as retribucións dos postos de traballo, tanto dos nunca valorados como dos preexistentes ás novas circunstancias e nivel dos servizos que prestan, tanto no seu aspecto cuantitativo como cualitativo, mediante a valoración dos postos de traballo e o establecemento de novos niveis de complemento de destino e específico.

Con data de 3 de decembro de 2001, o director técnico do IMD coa conformidade do presidente do Xunta Rectora do IMD, formula un informe, no que se fai a especificación en detalle de cada un dos postos de traballo do Organismo Autónomo Intituto Municipal dos Deportes, recollido en sesión ordinaria do Pleno do Concello de Vigo do día 25 de marzo de 2002.

A realización da especificación dos postos de traballo queda reflectida nos seguintes obxectivos:

- Actualización das retribucións do persoal do IMD axeitadas ás novas funcións desempeñadas.
- Reduccion da ratio existente entre postos de máis nivel e os inferiores.
- Inclusión no CE de retribucións ata o momento incluídas no complemento de produtividade.
- Utilización do complemento de produtividade para resolver as atipicidades de funcións de determinados postos.

No ano 2006 realizouse a adaptación do documento económico no referente ós postos dos grupos C, D e E de titulación, á nova realidade do IMD, introducindo as modificacións acontecidas na RPT dende o ano 2001 e procedendo á actualización económica do mesmo en base ós incrementos do IPC destes anos.

En canto ó fondo, tivéronse en conta os seguintes preceptos legais:

- Arts. 4, 89 e ss. da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- Arts. 23 e 24 da Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- RD 861/1986, do 2 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da Admón. Local
- Arts. 153 e ss. RDL 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local
- Decreto 93/91, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
- Art 64 ss. da Lei 4/1988 do 26 de maio, da función pública de Galicia

A presente proposta retributiva responde á necesidade de adecuar as retribucións destes postos de traballo do cadro de persoal ás funcións que realmente desempeñan e ás propias circunstancias de desempeño.

O seu alcance afecta ós postos dos grupos de titulación A, C, D e E do cadro de persoal, xa que dende o ano 1987 nunca se volveu facer no Concello nin nos seus organismos autónomos un estudo do contido funcional dos postos

e adecuación retributiva. Dito estudio nunca se modificou, nin adaptou, nin ampliou cos novos postos de traballo creados. Considérase imprescindible dispoñer dun documento que recolla tanto os novos postos que se crearon como as circunstancias que aconteceron e modificaron os servizos e as funcións a desempeñar polo persoal.

Nos últimos anos produciuse unha cascada cualitativa e cuantitativa de cambios nos servizos que requiren unha adaptación á nova realidade, ós que de forma imperativa polo mandato das leis se lles teñen que dar resposta con un axeitado nivel de calidade e seguridade. Dende 1987, moitos postos fóronse cubrindo con persoal excedente doutros que pasaron a prestarse en réxime de xestión indirecta, as novas pautas educativas e culturais, a implantación de novas tecnoloxías, a evolución lexislativa e a cada vez maior intervención das administracións locais na vida dos cidadáns mediante prestación de servizos propios ou complementarios dos doutras administracións, determinou que as funcións a desempeñar polos diferentes postos de traballo do Concello e ós seus organismos autónomos non teñan reflexo na descrición de funcións do ano 1987.

Especial incidencia ten neste eido, a irrupción da denominada sociedade da información ou do coñecemento, unha verdadeira revolución tecnolóxica que proxecta as súas consecuencias tanto cara o exterior (cada vez son máis os servizos que se prestan directamente ós cidadáns mediante telecomunicacións electrónicas) e cara dentro da propia organización (os sistemas de información e telecomunicacións tenden a asumir a maior parte das funcións de comunicación, coordinación e control que antes realizaban os mandos intermedios, xa que permite á alta dirección coñecer mellor o que acontece no nivel operativo; as estruturas descentralizan a toma de decisións como resposta á necesidade de gañar velocidade de resposta para ser máis eficaces na procura das necesidades dos cidadáns...). O que leva implícito a posibilidade de invertir a tendencia das últimas décadas nas organizacións administrativas públicas de fragmentar a súa cadea de valor mediante a externalización de determinadas actividades (xestión indirecta), devolvendo o protagonismo da xestión do público ós traballadores da administración.

Doutra banda, pero no mesmo sentido, é notoria a problemática que suscita a necesidade do denominado Pacto Local (transferencia e/ou delegación de competencias sobre materias, especialmente de titularidade autonómica, a favor das corporacións locais conforme ós principios de subsidiariedade, descentralización e máxima proximidade), que en concellos como o de Vigo presenta unha dimensión fundamentalmente económico-organizativa, pois pola vía do art. 28 da Lei 7/85, ven prestando sistemáticamente servizos sobre materias de titularidade doutras administracións (educativos, culturais, deportivos...)

Todos os cambios producidos fixeron que o contido e a responsabilidade dos postos se incrementase dun xeito significativo.

Neste sentido, dende o ano 1996 e tendo en conta os cambios que se viñeron producir no mercado productivo e de servizos, tales coma a automatización dos procesos de produción, realizada de forma masiva no caso dos traballos de oficina e as demandas de servizos novos e de maior calidade, veñen desenvolvéndose os planes de formación e capacitación dos empregados municipais, que se dirixen a todos os colectivos municipais e a todo o

abano de actividades e competencias do ámbito local estruturase en diferentes programas:

O Programa de Mellora da Calidade de Servizo, que presta unha atención preferente á mellora da eficacia, a eficiencia e a calidade dos servizos que o Concello e os seus organismos autónomos, prestan ós cidadáns; o Programa de Mellora da Xestión dos Recursos Humanos co obxectivo da creación e a consolidación de políticas de recursos humanos e que integra diversas propostas de formación orientadas a facer que se desenvolvan as modernas políticas de xestión de recursos humanos; o Programa de Mellora da Xestión dos Recursos Económicos que ten como finalidade contribuir a que os Concellos xestionen os seus recursos económicos dende a perspectiva dun contexto económico que esixe a contención do gasto e o máximo aproveitamento dos recursos; o Programa Xurídico-administrativo, que responde a necesidade de actualizar os coñecementos nesas materias, debidos ós cambios sufridos polo marco normativo regulador da actividade da Administración pública.

Así mesmo, as rápidas transformacións de que foron obxecto os Concellos e os seus organismos autónomos, así como a modificación e evolución dos coñecementos e comportamentos profesionais, a transformación áxil e constante dos principais parámetros da xestión municipal, fan que diferentes colectivos profesionais ó servizo do Concello e os seus organismos autónomos, así como tamén o personal administrativo e o persoal de servizos especiais, necesitan mellorar continuamente o seu traballo e adaptalo ás novas propostas tecnolóxicas. Os dous programas seguintes atenden a estas necesidades:

- Programa de Formación Informática: con cursos dedicados a aplicacións ofimáticas e informáticas de maior implantación

- Programa de Formación de Capacidades Profesionais: no que se estruturan diversas accións orientadas á actualización das capacidades profesionais e a conseguir que as persoas ó servizo do Concello asuman máis responsabilidades no exercizo das súas funcións, que incorporen capacidades e coñecementos novos e que reciban os novos valores de servizo ó cidadán derivados do proceso de modernización das Administracións públicas.

Todas estas novas funcións e tarefas introducidas nos postos ocasionan un incremento nos Complementos de Destino ou das cantidades asignadas ós Complementos Específicos, o que supón unha adecuación retributiva de carácter singular e excepcional, imprescindible polo novo contido dos postos de traballo. As diferencias entre as funcións descritas e valoradas na anterior valoración de postos do ano 1987 e as actuais dos distintos postos de traballo xustifican plenamente o aumento do Complemento de Destino ou do Complemento Específico como consecuencia das variacións, modificacións e aumento das funcións dos mesmos.

A lei 30/2005, do 30 de decembro, de orzamentos Xerais do Estado para o ano 2006, no seu artigo 19, 4º establece o seguinte:

" ... sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa, o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en los artículos

23 y 24 de la lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública."

Este parágrafo invoca dous termos de especial importancia para a súa aplicación, "singular" e "excepcional", que segundo a definición terminolóxica da Real Academia Española da Língua, define como "singular" -só, extraordinario, raro, etc.- e como "excepcional" -que constitue excepción da regra común, que se aparta do ordinario, o que ocorre rara vez-.

No presente caso, ámbalas dúas danse no presente procedemento. É evidente que o organismo Autónomo IMD, do Concello de Vigo sofre unha situación moi diferente dende que se aprobou o seu regulamente de funcións, (aínda que o Pleno da Corporación, en sesións de datas 24 de setembro de 2001 e 25 de marzo de 2002, aprobou as guías de funcións para todos os postos de traballo deste Concello e os seus organismos, (Grupos A e B, de xeito provisional e, grupos C, D e E con carácter definitivo), que non tivo reflexo nunha adecuación retributiva das funcións recollidas nas guías), todo isto acompañado da profunda transformación experimentada nas administracións públicas e a súa necesidade de adaptación á evolución constante da sociedade da información e comunicación, ós novos métodos de traballo, unido ós procedementos de reforma administrativa, moitos impostos por imperativo legal. Non obstante parece oportuno clarear que non estamos ante un proceso de reforma administrativa, senón ante unha actualización dos contidos dos postos á realidade do Organismo Autónomo e á súa adecuación retributiva, que se fan necesarios para o bo funcionamento da administración.

Un período de dezaoito anos, os transcorridos dende 1987 ata o actual, e cos grandes cambios antes reseñados e a nova asunción de competencias pola administración local do século XXI, fan que estea perfectamente xustificada a excepcionalidade e a singularidade, coa adaptación das retribucións o contido dos postos.

A urxente necesidade de realizar esta adecuación retributiva ven determinada pola imprescindible corresponsabilidade que debe existir entre o desempeño das funcións dos postos de traballo e a súa retribución, para poder paliar os efectos que esta disfunción, co paso dos anos, acabou por provocar un clima laboral non desexado no Cadro de Persoal deste organismo autónomo.

Na lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, na súa exposición de motivos reseña: "...requieren, de forma inaplazable, la adopción de una serie de reformas tendentes a su racionalización y modernización, que responden a necesidades neludibles". Pois ben, unha administración que non adaptou a guía de funcións e servizos en dezaoito anos, dificilmente pode iniciar estes profundos procesos de reforma

O Pleno do Concello, na súa sesión de data 24 de setembro de 2001, aprobou definitivamente a Guía de Funcións para todos os postos de traballo do Concello e os seus organismos autónomos e na súa sesión do 25 de marzo de 2002 aprobou con carácter definitivo as correspondentes ós grupos C, D e E de titulación.

O Concello-Pleno, en sesión de data 28 de febrero de 2005, aprobou definitivamente xunto có orzamento, o cadro de persoal de 2005 para o Concello e os seus organismos autónomos.

A Xunta Rectora do organismo autónomo, en sesión de data 12 de decembro de 2005, aprobou a Relación de Postos de Traballo ós que procede realizar a proposta de adecuación e valoración correspondente no ano 2006.

No novo cadro retributivo que se adxunta como anexo, se teñen reflectido os resultados do estudo pormenorizado de cada posto de traballo e foi consensuado cos representantes do persoal, tal e como se sinala no art. 32 da Lei 9/87, no que se refire ó seu contido funcional, ás esixencias que comportan e ás condicións en que se desenvolve a actividade en cada caso e a súa actualización segundo a RPT do presente ano. No seu resultado e aplicación respetáronse os principios de racionalidade, economía e eficiencia (art. 90 da Lei 7/85), de modo que respondan a criterios de valoración obxectiva nos mesmos termos que para o resto dos funcionarios públicos (art. 93 da Lei 7/85).

Para dar viabilidade a esta proposta e para posibilitar o cumprimento das obrigas derivadas deste acordo, é necesario amortizar segundo o dito acordo do 2 de xuño de 2006 que permita as baixas, segundo o art. 177 do texto refundido da lei de facendas locais a partida 45221300000, o que suporá o medio de financiamento dun crédito extraordinario para habilitar a partida correspondente "fondo de adecuación postos de traballo" 45221300001 na cantidade de 37.437,96 €.

Para a dotación da mesma e tendo en conta o acordo político-sindical acadado con data 2 de xuño de 2006, pola que se acorda a amortización das prazas de oficial de instalacións ó considerarse que na actualidade veñen sendo desenvolvidas por outros traballadores, propónse a amortización das mesmas.

As baixas por anulación nas partidas orzamentarias indicadas, poden levarse a cabo ata a contía referida na medida en que a dotación correspondente é anulable sen perturbación do respectivo servizo e os créditos correspondentes non están comprometidos."

Polo anteriormente exposto, o director técnico do IMD emite a proposta que se contén na parte dispositiva.

No expediente figura informe favorable relativo á amortización de prazas de oficiais de instalación, emitido con data 3 de agosto de 2006 polo secretario da Xunta Rectora do IMD.

Con data 4 de agosto o interventor informa do que segue:

"Incoado por orden da Sra. Presidenta do Organismo de data 15 de xuño do ano en curso, expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 2/2006, que inclúe a habilitación dun crédito extraordinario a financiar con baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente, o abeiro do establecido nos artigos 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 37.3 do Real Decreto 500/90, emítese o seguinte informe:

S.Ordinaria 11.09.06

1.- Clase de modificación orzamentaria que se propón:

O expediente que se tramita contén, como se dixo anteriormente, a habilitación dun crédito extraordinario por un importe de 51.253,45 euros, que ten como finalidade a execución do acordo acadado por la Xunta rectora do IMD e a Xunta de Goberno Local para a adecuación dos postos de traballo do IMD, tal e como se recolle na orde de servizo de incoación do expediente que se somete a informe, da Sra. Presidenta do OM.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do Orzamento de Gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercizo seguinte, e para o que non existe crédito.

Esta clase de modificación orzamentaria atópase regulada no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 34 a 38 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, e bases 7ª 8ª das de execución dos orzamentos vixentes.

2.- Descrición da modificación de crédito proposta:

A proposta que se inclue no expediente formulada polo Director Técnico do IMD, fai referencia á partida orzamentaria a habilitar, referíndose a gastos específicos e determinados, como require a lexislación vixente.

Vistos estes últimos, compróbase que non existe no estado de gastos do orzamento crédito destinado a esa finalidade específica no nivel establecido na vinculación xurídica.

Polo demais o indicado artigo 177 do TRLRHL e 34 a 38, regulan a tramitación desta modalidade orzamentaria e o requisito común de que os gastos a financiar sexan urxentes e non se poidan demorar para o exercicio seguinte.

3.- Recurso financeiro:

O recurso financeiro que se propón para o financiamento desta modificación de crédito en anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente. Medio de financiación que contempla para esta modalidade de modificación orzamentaria o artigo 177.4 TRLRFL e artigo 36.1.3) e 51.2 RD 500/90.

As partidas orzamentarias das que se propón anular parcialmente os créditos adscritos ás mesmas son as seguintes e polos importes que se indican:

<u>PARTIDA</u>	<u>IMPORTE (EUROS)</u>
4522.1300000	37.437,96
4522.1500000	13.815,49

Polo que respecta ós requisitos requiridos pola lexislación citada para poder utilizar o recurso indicado, de que a anulación se refira a créditos non comprometidos e que poida ser posible sen que con iso se produza unha perturbación do respectivo servizo, acredítanse no informe-proposta do Director Técnico do IMD.

5.- Tramitación e aprobación do expediente:

Segundo os artigos 177.2 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo e 38 do Real Decreto 500/90, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións, publicidade e recursos contenciosos-administrativos, aplicables ós orzamentos."

A Xunta Rectora do Instituto Municipal dos Deportes, en sesión do 31 de agosto, acorda propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da proposta emitida polo director técnico do IMD citada anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 4 de setembro, dictamina favorablemente.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Porteiro García e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con oito votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, doce abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Vieitez Alonso, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Amortizar as prazas de oficiais de instalación xa que actualmente están desenvolvidas por outros traballadores.

Segundo.- Ó abeiro do previsto no artigo 49 do RD 500/90, do 20 de abril, e base 12ª das de execución dos orzamentos vixentes, aprobar as baixas por anulación dos créditos correspondentes ás seguintes partidas e polos importes que se indican:

- a) 45221300000 por importe de 37.437,96 euros.
- b) 45221500000 por importe de 13.815,49 euros.

Terceiro.- Aprobar a modificación orzamentaria número 2/06, habilitando un crédito extraordinario por importe de 51.253,45 euros, a financiar coas baixas dos créditos aludidos no apartado anterior.

Cuarto.- A citada modificación orzamentaria non será executiva ata a plena dispoñibilidade dos recursos que a financian.

Neste intre se incorpora á sesión a concelleira Sra. Porteiro García.

4.- (163).-CONCESIÓN DE BANDEIRA DE HONRA Á POLICÍA LOCAL NO 125 ANIVERSARIO DA SÚA CREACIÓN.

ANTECEDENTES.- O inspector xefe da Policía Local, Sr. del Castillo Martín, en escrito dirixido á Alcaldía informa do que segue:

"Coma ben sabe o próximo dezasete de setembro a Policía Local do Excmo. Concello de Vigo que VE preside, cumpre 125 anos de antigüidade.

Corría o 7 de setembro de 1881 cando nun Pleno ordinario deste Concello se facultou ó por aquel entón Alcalde, don Jacobo Domínguez Iglesias, para refundir nun só corpo ás dúas rondas de "municipais" e "serenos".

Finalmente, no Pleno realizado o 17 de setembro de 1881 creouse o que se deu en chamar "Garda urbana", quedando conformada naquel intre por 1 xefe, 2 cabos e 28 gardas.

No decorrer dos anos esta denominación derivou cara a de "Policía Municipal". Finalmente, en 1986, coa promulgación da Lei orgánica 2/86, do 13 de marzo, "Lei de Forzas e Corpos de Seguridade", pasou denominarse "Policía Local".

Ó longo destes 125 anos moitos foron os sucesos que aconteceron e que dun xeito ou outro provocaron a evolución deste corpo, facendo que o conxunto dos seus integrantes tiveran a necesidade perentoria de se superar día a día mediante unha cada vez máis exhaustiva preparación, o que derivou nunha maior profesionalización do corpo e no seu servizo ós cidadáns. Consecuencia disto é o recoñecemento e consideración social que a Policía Local neste intre posúe.

Dende hai xa algún tempo o Corpo da Policía Local de Vigo, en representación da súa cidade, participa -con moito éxito- en eventos de carácter internacional tales coma os Xogos Mundiais de Policías e Bombeiros e no Campionato Europeo de Policías e Bombeiros, así como en diferentes probas a nivel local, provincial, autonómico e nacional. Así mesmo participa en representacións institucionais, ben con gran gala, ben con acompañamento, etc. En todos eses actos botamos en falla a presenza dun emblema representativo da nosa cidade e do noso colectivo, tal coma un estandarte ou unha bandeira.

Por todo isto prego a VE estude a posibilidade de que, ben por acordo da Xunta de Goberno Municipal ou ben por acordo plenario en sesión solemne de toda a Corporación Municipal de Vigo, se acorde a concesión á Policía Local do referido estandarte ou bandeira, no que se recollan os símbolos da cidade e que nos consagre coma fieis servidores ó servizo do cidadán.

Consideramos que a institución merece que ó longo dos próximos doce meses se lle dea o protagonismo que na realidade ten xa, pero que en materia institucional non tivo ata o de agora, mediante a organización de eventos

tales coma: un acto institucional para a entrega da bandeira ou estandarte que se concedese tralo acordo plenario. A edición dun libro da historia da Policía Local de Vigo e a súa cidade. Conferencias, con relatores de prestixio, sobre a historia da Policía Local. Participación en actos doutros colectivos e corpos. Realización de actividades con escolares en canto a percepción dos nenos da súa policía...

Para estes eventos non contamos no exercizo con orzamento habilitado, polo que sería conveniente que, dentro das posibilidades do Concello, se prevexan as partidas correspondentes."

Con data 31 de agosto, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo informa a anterior solicitude e emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 4 de agosto, dictamina favorablemente.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Brevemente, unha referencia histórica. O próximo 17 de setembro a Policía Local do Excmo. Concello de Vigo cumpre 125 anos de antigüidade. O 7 de setembro do ano 1881 cando nun Pleno ordinario deste Excmo. Concello se facultou ó daquela alcalde, D. Jacobo Domínguez Iglesias, para refundir nun só Corpo ás dúas rondas de municipais e serenos. Finalmente, no Pleno realizado o 17 de setembro do ano 81 creouse o que se deu en chamar Garda Urbana quedando conformada daquela por un xefe, dous cabos e 28 gardas. Ó transcorriren de todos estes anos esta denominación derivou cara a de Policía Municipal. Finalmente no ano 86, como vostedes saben, coa aprobación da Lei orgánica 2/86, de 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, pasou a denominarse Policía Local.

Ó longo destes 125 anos moitos foron os acontecementos que aconteceron e que dun xeito ou doutro provocaron a evolución deste Corpo facendo que o conxunto dos seus integrantes tiveran a necesidade absolutamente perentoria de se superar a cotío mediante unha cada vez máis exhaustiva preparación profesional que derivou nunha maior profesionalización do Corpo no seu servizo ós cidadáns e nun servizo á democracia. Consecuencia diso é, penso eu, o recoñecemento e consideración social que a Policía Local neste momento posue.

Dende hai xa algún tempo o Corpo da Policía Local de Vigo, en representación de toda a cidade, participa exitosamente en eventos de carácter internacional tales como os Xogos Mundiais de policía e bombeiros no Campionato Mundial de Policía e Bombeiros así como en diferentes probas a nivel local, provincial, autonómico e nacional. Así mesmo participa en

representacións institucionais ben con grande gala, ben como acompañamento, etc.

En todos estes actos loxicamente a Policía carecía dunha enseña representativa da nosa cidade e do colectivo tal como un estandarte ou unha bandeira. Por todo iso propónse a todos os corporativos deste magnífico Concello de Vigo conceder ó Corpo da Policía Local de Vigo unha bandeira de honra da cidade polos méritos contraídos no servizo a Vigo ó longo dos seus 125 anos de fundación, aniversario que cumpre no ano que andamos. Moitísimas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Con enorme brevidade, a suma entusiasta do Partido Galeguista. Estaba pensando en cómo as dictaduras son que de dexenerar calquera cousa e unha delas a Policía Local que tiña un desprestixio lamentable na última época da Dictadura porque ademais esta última época era un esmorecemento de demasiadas cousas. Daquela eu era Alcalde do Partido Socialista cando a democracia entra de novo no Concello de Vigo e por iso eu pensaba nesa época.

A verdade é que dende aquela non houbo máis que “deixarlles facer” ós bos profesionais que hai na Policía de Vigo para que a Policía tomara o camiño que non para de tomar e que hoxendía segue, na miña opinión, con pasos absolutamente firmes en axuda sempre non só da seguridade en xeral, senón do mantemento da democracia e lembro cando o 23-F a actuación da Policía e dos seus mandos foi estratéxica, cunha prudenza infinita, con moitas actuacións que xamais se saberán, polo menos non por min, pero que en todo caso aí están como contribución á historia e ó ben do mantemento da democracia e da seguridade dos cidadáns e das cidadás viguesas.

Eu que non só xamais reneguei do meu pasado, senón que estou encantado del, tan encantado como estou do meu presente que non vai cambiar, por se é o caso que algún se confunde, déixenme dicirlles en nome deste pasado e deste presente sobre todo que o Partido Galeguista engádese entusiasmado a esta proposición.

(Están ausentes as Sras. Porro Martínez e Porteiro García e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobade Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

S.Ordinaria 11.09.06

Conceder ó Corpo da Policía Local de Vigo unha bandeira de honra da cidade polos méritos contraídos no servizo a Vigo ó longo dos seus 125 anos dende a súa fundación, aniversario que se cumpre no ano que andamos.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de gardar un minuto de silencio rexeitando a violencia de xénero, quereda en nome de toda a Corporación, darlle a nosa condolencia ó Sr. Coello polo falecemento do seu pai e tamén desexarlle ó compañeiro, Sr. Calviño, que se restableza o máis axiña posible xa que tivo un accidente; esperemos que mellore e que poida estar connosco o antes posible.

Neste intre a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, en cumprimento de acordo plenario, postos en pé gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia doméstica.

5.- (164).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO MELLORAS NAS ESTRADAS DE ACCESO ÓS AREAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 30 de agosto de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

“Dende o remate das obras de mellora dos treitos da Xurela e do areal da Foz ata o Vao a finais do ano 2002, poucas ou escasas foron as melloras feitas nos accesos ós nosos areais nos viais autonómicos, por seren os únicos que podemos utilizar dende Samil ata San Miguel de Oia pola comarcal PO-324, dende Comesaña e Navia por Ricardo Mella ata Saiáns e dende A Florida pola estrada de Camposancos tamén ata Saiáns, podemos afirmar o seguinte:

1.- Agás o treito inicial de Ricardo Mella, repostado polo Ministerio de Fomento no ano 2004, pola incidencia das obras do segundo cinto, o resto do vial que percorre o termo municipal de Vigo amosa unha imaxe de deterioro e falla de seguridade alarmante. Todos padecemos o dito deterioro e inseguridade este verán.

2.- Na estrada de Camposancos coidamos necesario seguir mellorando a súa capa de rodadura así como a súa seguridade, tal como se fixo coa redonda de acceso a Saiáns no ano 2001.

3.- Na comarcal PO-324 temos a seguridade de que a Consellería de Política Territorial ten proxectos para continuar co treito do Vao a San Miguel de Oia.

4.- Asemade o Concello de Vigo fixo mellora no firme do treito de Samil ata a ponte do Lagares no ano 2003.

Por todo o exposto, o Grupo municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación o seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia a solicitar as melloras necesarias nas estradas de comunicación e acceso ós areais e praias de Vigo ante o actual deterioro e falla de seguridade das mesmas."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 4 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Todos padecemos o estado da estrada de Ricardo Mella, seguro.

Un cando está en política coida que é malo que os cidadáns cando se fai algo bo se esquezan rápido, pero que os políticos tamén se esquezan rápido do bo, coma é a obra importante do segundo cinto que permitiu mellorar un treito e solicitar que o resto o fixera a administración correspondente, iso xa fastidia un pouco.

Digo isto porque se circulan por Ricardo Mella atoparanse con que o firme está fatal en todo o treito do Concello de Vigo, circular por el é facer un "rallye" pero por terra porque está en moi malas condicións.

Circular pola Estrada de Camposancos ten as súas dificultades pero o que máis nos preocupou foi ver como, iniciando un proceso de mellora vial como se fixo no mandato anterior facendo rotondas en Saiáns, que era o punto máis álxido de toda esta estrada, melloras nalgunhas curvas na zona de Oia e quedando pendentes outras por facer vemos que pasan os anos, pasa practicamente unha lexislatura e non se fai nada.

Esta moción quere lembrar que o día a día, a mellora cotiá que os cidadáns nos demanda como norma xa sen nola pedir, esquecese moitas veces. Por iso a proposta que facemos nesta moción é bastante clara: só lembrar que as administracións están para se entender, para colaborar e para manter os viais porque nesta cidade hai que pasar á forza por eles porque o treito da Xurela é terrible e deseguido hai cousas que ademais de moi perigosas nós, como corporativos, non podemos permitir.

A moción é bastante clara e o acordo bastante sinxelo: Que o Pleno da Corporación inste á Alcaldía-Presidencia a solicitar as melloras necesarias

das estradas de comunicación e accesos ós areas e praias de Vigo ante o actual deterioro e falla de seguridade das mesmas.

Digo isto o máis suave posible porque a verdade é que este caso merecía bastante máis agravio.

SR. ARIAS MOREIRA: Naturalmente o noso grupo apoia esta moción dun xeito firme e claro, pero de todos os xeitos cómpre dicir tamén que unha parte da proposta á que se fai referencia, o relativo a Ricardo Mella, xa está en vías de solución por canto que no DOG do 2 de xuño de 2006 publícase unha Resolución do 23 de maio de 2006 pola que se anuncia a licitación por concurso aberto de varias obras e unha delas refírese precisamente ó reforzamento do solo da estrada PO-325, Vigo-A Ramallosa, que ten un prazo de execución de 6 meses, de xeito que isto ten que estar executado a finais de ano.

Por outro lado tamén dicir que, feitas as consultas pertinentes na Consellería de Ordenación do Territorio se nos informa, e ademais xa houbo contactos co Concello nesta dirección, que xa está adxudicado a unha empresa concreta que se chama PROINTEC o Plan Sectorial de Vigo relativo a infraestruturas viarias en toda a zona comarcal da cidade de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Só informarlles que postos en contacto coa Consellería de Política Territorial xa dende hai algúns meses que mesmo se lle remitíu esta petición, á parte do que acaba de explicar o Sr. Arias se nos di que na avenida de Ramón Nieto tamén van acometer a mellora do seu pavimento. Como tamén é competencia da Xunta de Galicia á parte desta obra da avenida Ricardo Mella, tamén está en proxecto Ramón Nieto e mesmo estamos negociando as posibilidades de mellora na avenida da Florida e Castrelos.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobade Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa a melloras e mantemento dos viais de acceso ós areas de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- (165).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A ELABORACIÓN DUN ESTUDO DE XESTIÓN DO TRÁFICO NOS VIAIS DE ACCESO E SAÍDA DO SEGUNDO CINTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de setembro de 2006, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

“En decembro do ano pasado o grupo municipal do BNG reclamaba, mediante a presentación dunha moción, a mellora na seguridade viaria tanto no segundo cinto como nas vías de entrada e saída ó mesmo, tendo en conta a configuración destas e as consecuencias que podía e pode traer ó desembocar unha vía de alta capacidade en vías moi estreitas, sen beirarrúas e sen unha iluminación adecuada.

Tamén dixemos que representaba unha mellora substancial nas infraestruturas da nosa cidade, pero que non podíamos quedar inmóbiles, pois xeraba outros problemas antes inexistentes, aínda que non por iso menos graves: sinalización incorrecta e/ou inaxeitada, problemas de tráfico con retencións insoportables, incremento da inseguridade para os peóns, etc.

Ditos feitos xa foran denunciados anteriormente polo noso grupo municipal e reclamabamos actuacións mediante a implicación dos propios servizos municipais, así como a realización das negociacións necesarias con Fomento para corrixir as deficiencias enumeradas.

Nove meses máis tarde ollamos como as deficiencias reseñadas polo grupo municipal do BNG téñense incrementado: a sinalización inadecuada fai que se perdan persoas que a usan de xeito esporádico e non digamos as que veñen á nosa cidade por primeira vez que non a utilizan porque non saben dela; as retencións de tráfico, nomeadamente na época estival, fixéronse insoportables para as persoas que as padeceron, nomeadamente en Ricardo Mella-Muiños ou a confluencia coa Avenida de Europa.

Pero o que máis nos preocupa como grupo municipal pero tamén como cidadáns/dás e usuarios, é que nin tan só se teñen dado as ordes oportunas para elaborar os proxectos ou os estudos necesarios para poder actuar, o que amosa a parálise do goberno municipal, pois a estas alturas xa poderíamos saber o que facer e reducir ou eliminar os impactos antes descritos.

Por todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do BNG propón a seguinte resolución:

1.- Que o Goberno municipal proceda a realizar un estudo rigoroso e profundo para desenvolver a ordenación e xestión do tráfico tanto nas vías que serven de entrada e saída no segundo cinto como no mesmo.

2.- Que se proceda a unha mellora substancial da sinalización dos lugares e, nomeadamente, dos accesos ó segundo cinto, tanto dende os viais de maior capacidade como dende os secundarios, ó obxecto de evitar tráfico innesarios. Para iso é necesario establecer de inmediato negociacións co Ministerio de Fomento e proceder de inmediato á actuación por parte do Goberno municipal nas vías propias.

3.- Voltar insistir dende o Concello para que as xestións oportunas feitas con Fomento sirvan para que a sinalización dentro do segundo cinto se faga en galego, respectando a toponimia e os nomes propios."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 4 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉITEZ ALONSO: Xa non é a primeira vez que falamos nestes Plenos sobre a temática centrada arredor do segundo cinto. Foron varias as iniciativas do grupo nacionalista para tentar mellorar, coincidindo todos en que é un vial que significou un paso importante nas comunicacións da nosa cidade e non só iso, senón da parte sur da provincia de Pontevedra e en concreto da comarca.

Nestes momentos observamos uns aspectos que algúns deles xa denunciámos no seu momento pero que no caso concreto deste verán se acrecentaron e por desgracia se confirmaron as previsións das que falamos no seu momento.

Hai que ter en conta que este é un vial de alta capacidade que desemboca precisamente en vías de moi pouca capacidade, por non dicir nalgúns casos en corredoiras, e iso observouse sobre todo na época estival coas enormes retencións que se produciron en dous viais non pequenos, como a avenida de Europa ou a de Castela, ou como puido ser tamén Ricardo Mella e Muiños. Xa non imos falar da seguridade en si mesma porque xa o fixemos noutras mocións, pero si sobre todo do tema do tráfico que a nós nos parece que é algo acuciante sobre o que é necesario actuar.

Por outra banda si incidimos no tema da sinalización porque o comprobamos a través de manifestacións de persoas que o padeceron; evidentemente non son as persoas que máis utilizan o segundo cinto, pero aínda utilizándoo algunha vez ás veces pérdense, ou mellor dito, non saben onde teñen que saír, ou non entran onde deben co que a potencialidade do segundo cinto en certa medida se ve diminuída porque a xente xera tráfico a maiores produto basicamente dunha mala sinalización. Isto xa o comentamos noutras mocións pero cada vez vai a maiores porque por sorte este segundo cinto absorbe cada vez máis o tráfico que vai crescendo pero insistimos en que

tamén xera tráfico innesarios producidos única e exclusivamente pola mala sinalización ou pola falla de sinais nalgúns lugares.

Pedímoslle por un lado que, logo de 9 meses de presentar a primeira iniciativa, observamos que non se fixo ou alomenos nós non o coñecemos un estudo rigoroso do impacto do tráfico, non no segundo cinto que tamén debera ser, pero sobre todo nas vías de competencia municipais. O que pedimos é precisamente iso para evitar en todo o que poidamos e coidamos que se pode evitar bastante, que na época estival que veña, porque esta practicamente xa está pasada, non teñamos que padecer retencións de tres cartos a unha hora ou algo máis en determinados momentos, única e exclusivamente para acceder ó segundo cinto. Efectivamente son puntos moi localizados, tamén moi significativos sobre todo na época estival, pero si que é necesario que o Concello de Vigo e neste caso o goberno municipal actue para que iso non se volva producir.

Insisto en que pedimos que se estude o tráfico e as medidas necesarias para paliar esas retencións e que non se volva producir o espectáculo que se produciu nesta época estival.

Pedimos tamén e pensamos que é unha xestión tremendamente sinxela que estamos convencidos que Fomento estará de acordo, que se sinalice mellor tanto os accesos coma as saídas ó segundo cinto porque non xerará tráfico innesarios e a xente non terá que volver outravolta tomar o vial do segundo cinto para volver ó seu sitio de destino.

SR. COELLO BUFILL: Por suposto imos votar afirmativamente á moción do Sr. Viéitez e dicirlle que en canto ó segundo punto xa se lle remitiu a Fomento hai algún tempo a mellora que entendiamos nós en canto á sinalización e de momento non obtivemos resposta. Voltaremos reiterar, mesmo persoalmente como xa fixen noutras ocasións, á Demarcación de Estradas para que se dea curso coa celeridade precisa.

Tamén estou de acordo en canto ó de facer ese estudo municipal alomenos nos puntos conflictivos ou puntos negros que todos coñecemos que son de competencia municipal para favorecer a fluidez do tráfico. Estamos de acordo, moitas grazas.

SR. FIGUEROA VILA: A maiores engadir tamén, supoño que o Sr. Coello deixouno á marxe, que se está cunha negociación polo tema do tráfico pesado que tamén é fundamental. Son políticas de mobilidade e tráfico que teñen que incidir todas na mesma dirección. O que pretende o Concello é que en

tramos da cidade os tráficoos pesados teñan unha restricción clara tal e como se fixo noutros momentos.

SR. COELLO BUFILL: Sobre ese tema dicir que a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo presentamos un estudo en canto ó tráfico pesado e tamén estamos á espera. Eespero que esta semana se defina a Demarcación de Estradas porque ese estudo estaba consensuado.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobade Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, instando a elaboración dun estudo de xestión do tráfico nos viais de acceso e saída do segundo cinto, co texto que se transcribe nos antededentes deste acordo.

7.- 166).- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS DO BNG E PSDEG-PSOE INSTANDO A ELABORACIÓN DUN PROXECTO DE UTILIZACIÓN DO CONTORNO DO POLIDEPORTIVO DAS ROTEAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de setembro de 2006, os concelleiros do Grupo municipais do BNG, Sr. Cotobade Tombo, e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Caballero Míguez, conxuntamente, formulan a seguinte moción:

“O deporte nos barrios de Vigo é unha actividade que a cidadanía reclama e que esixe a continua atención da Corporación e do Goberno municipal. O desenvolvemento das dotacións deportivas existentes constitúe un elemento importante para favorecer a práctica do deporte nas distintas zonas de Vigo.

O polideportivo de Roteas é unha das instalacións que facilitan a práctica deportiva nun dos barrios da cidade, en concreto en Coruxo, e de feito o seu nivel de utilización é salientable. Sen embargo, os usuarios do mesmo son conscentes de que as posibilidades do pavillón e o seu entorno non están ben aproveitadas e particularmente reclaman que se tente aproveitar máis adecuadamente o terreo que rodea o pavillón.

Por unha banda, o polideportivo non ten adecuadamente delimitada a totalidade da parcela na que se encontra e boa parte da mesma está inutilizable no seu estado actual. Ademais, as posibilidades de aparcadoiro na zoa do pavillón son realmente escasas e cando hai competicións os aficionados e participantes teñen que aparcar na estrada de Camposancos (Vigo-Baiona). Así mesmo, o terreo do entorno do polideportivo podería ofrecer a posibilidade de realizar unha pista ou campo para a práctica do deporte ó aire libre.

Resolución:

Que o goberno municipal estude cos técnicos pertinentes as posibilidades de uso do espazo que rodea o Polideportivo de Roteas en Coruxo, buscando un equilibrio na atención das distintas necesidades dos usuarios do pavillón e elabore e consensúe cós colectivos implicados un proxecto de utilización detallado do entorno do pavillón que satisfaga as demandas actualmente existentes (aparcadoiro, novas instalacións, ...)."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 4 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CABALLERO MÍGUEZ: A moción conxunta que presentan os grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG solicita a elaboración un proxecto de utilización do contorno do polideportivo de Roteas en Coruxo.

A realidade é que o deporte nos distintos barrios da cidade é unha actividade que a Corporación e mesmo o goberno municipal teñen o deber de potenciar e desenvolver e neste senso o polideportivo de Roteas en Coruxo é unha desas infraestructuras municipais que dan a posibilidade de acción ós usuarios das prácticas deportivas para poder, neste caso en Coruxo, realizar as súas preferencias deportivas.

O certo é que esta moción nace dunha petición dos usuarios do polideportivo de Roteas que tentan presentar ós distintos grupos municipais da Corporación a necesidade de acadar un desenvolvemento e aproveitamento máis axeitado do contorno deste pavillón. Este pavillón en concreto que está á beira da Estrada de Camposancos Vigo-Baiona, ten unha parcela arredor que está nun determinado estado e que pode dar lugar a mellores aproveitamentos. De feito o polideportivo ten unha escaseza de prazas de aparcadoiro; cando hai calquera tipo de utilización masiva do mesmo os usuarios vense na obriga de ter que aparcar na beira da estrada Vigo-Baiona co posible risco que isto pode ter para os rapaces e para os autobuses. Ademais hai unha necesidade tamén, unha demanda dende as agrupacións deportivas da zona e dende o propio Coruxo FC, de estudar a posibilidade cos técnicos municipais de que esa parcela que pode ter un maior

aproveitamento e que está á beira do propio pavillón, poder establecer algún tipo de infraestrutura como pode ser algún tipo de pista deportiva ou similar.

Deste xeito a moción conxunta dos grupos socialista e nacionalista propón que o goberno municipal estude cos técnicos pertinentes as posibilidades de uso do espazo que rodea o polideportivo de Roteas en Coruxo, buscando un equilibrio na atención das distintas necesidades dos usuarios do pavillón. Elabore e consensue cos colectivos implicados un proxecto de utilización detallado do contorno do pavillón que satisfaga as demandas actualmente existentes: aparcadoiros, novas instalacións e demais.

Neste senso esta moción preséntase con carácter positivo e constructivo, como unha oportunidade de aproveitar algo que está aí, que pode dar unha utilidade clara a un barrio desta cidade e dende logo nace sinxelamente para transmitir esa demanda social cara á Corporación e cara ó goberno municipal.

A moción está presentada de forma conxunta polos grupos municipais do BNG e do Partido Socialista e quero agradecer a vocación de cooperación que este concelleiro atopou no grupo municipal do BNG para esa colaboración efectiva de acción conxunta o que facilita plasmar aquí con claridade unha vontade de mellora dunha cuestión e ademais permite que parte das forzas progresistas neste caso poidan actuar conxuntamente.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Mágoa que non poida apoiar esta moción cando estou totalmente de acordo con ela porque dos aquí presentes, agás o Sr. Guerra, coido que son o que máis utilicei durante o meu longo período deportivo esas instalacións, fun dos que as inaugurei cando se fixeron, cando alí xogamos e só eran un pouco de cemento escachado como sabe o Sr. Fernández. Mágoa que vostedes co seu afán de facer política, de querer reunir xa eses dous grupos non conten cos demais porque, qué lles custaría, máxime vostede que o sabe porque temos boa relación persoal, preguntar se nos unimos a esa moción. Estaríamos encantados.

Vostedes os dous grupos presentan unha moción coa que estou totalmente de acordo pero á que non lle imos votar a favor porque nestas cousas hai que contar cos demais grupos.

Vostede agradécelle ó Bloque Nacionalista Galego, como non pode ser doutro xeito, pero qué facemos os demais aquí se é unha cousa que nos convén a todos? O peor é que eu son dalí e agora os meus veciños me van preguntar por qué non votei a favor. Pois non, porque esta non é forma de facer

política, Sr. Caballero, se vostede quere facer unha moción conxunta pois fagámola todos, os tres grupos, que xa non lle vou dicir que fale vostede co goberno porque evidentemente non está de acordo con eles.

Sentíndoo moito ímonos abster nesta moción.

SR. TOBA GIRÓN: Interveño en primeiro lugar para desculpar a ausencia do meu compañeiro, Sr. Cotobad, que por razóns da morte dun familiar hoxe non pode estar connosco neste Pleno. En segundo lugar porque ademais sei que lle gustaría intervir nesta moción, pero sobre todo porque eu quería salientar dous aspectos da moción que deben ser considerados con atención.

En primeiro lugar que o pavillón que todos coñecemos está relativamente próximo ó núcleo de Coruxo pero presenta un problema serio de urbanización porque a propia Estrada de Camposancos presenta, evidentemente, unha urbanización moi probe, unha urbanización dunha estrada de carácter interurbano o que presenta serios problemas de seguridade para quen se queira se desprazar practicamente dende a igrexa de San Salvador ata o pavillón.

Este tema púxose de manifesto en moitas ocasións, somos conscientes de que hoxe non toca porque se trata dunha estrada de carácter autonómico e hoxe non queremos dar ese debate, pero si queremos que a Corporación reflexione en que precisamente esa falla de comunicación ou de urbanización con beirarrúas presenta un problema de seguridade para quen se queira trasladar andando a ese pavillón en primeira instancia.

En segundo lugar preséntase o problema do aparcadoiro porque efectivamente os lugares para aparcar, quitando aquela zona que está fronte da fonte que é moi limitada e está algo distanciada e presenta necesariamente un traslado andando tamén perigoso, realmente necesitaríamos alomenos estudar a modiño a utilización da totalidade da parcela.

Hai un terceiro problema que ó noso grupo tamén lle preocupou e preocúpalle; á primeira vista podemos estar falando dunha parcela municipal que está en situación de mala delimitación e isto podería traer consigo nalgún momento un problema de reclamación patrimonial. Anticipémonos, tamén iso está no sentido da posición do noso grupo para que os departamentos de Patrimonio desta institución anticipen actuacións para evitar perdas de superficie dunha parcela que é de carácter municipal e que sen dúbida por onde está localizada, terá un valor como equipamento moito maior andando os anos.

En último lugar eu quero dicir que evidentemente no Pleno da Corporación quen queira pode votar a favor ou en contra en función do sentido da iniciativa e dous, tres, catro grupos póñense de acordo ou non na exposición dun tema, pero poñémonos de acordo na votación. Quero dicir que en todo caso o Pleno da Corporación cando vota unha moción faina de seu e a partir dese momento despréndese do sentido exclusivamente partidario ou pluripartidario cal é este o caso. Polo demais a colaboración nace sinxelamente case da propia coincidencia circunstancial e da boa comunicación que hai entre dous concelleiros do BNG e do Partido Socialista do que, por outra banda, síntome moi satisfeito como voceiro do grupo municipal.

Sr. Alonso, se vostede non quere votar esta moción porque nun período no que hai unha redución do traballo en xeral non aparece coa súa sinatura, vostede verá quen fai política; nós facemos política, indubidablemente pero vostede tamén. Se vostede por razóns de partido quere votar en contra fágao, está no seu lexítimo dereito, pero o BNG e o Partido Socialista están lexitimados para presentar as iniciativas que nos parezan adecuadas, individual e conxuntamente e vostedes están lexitimados para non votar favorablemente se así lles parece. Nada máis.

SRA. MOLARES PÉREZ: Anunciar o noso voto a favor desta moción malia que Sr. Caballero non contara connosco. Sabemos perfectamente como se produce esta moción, foi logo dun encontro precisamente no pavillón das Roteas; sabemos desta necesidade e xa o tiñamos contemplado. Efectuouse unha pequena reparación nos aparcadoiros a primeiros deste mandato e a necesidade desa ampliación está contemplada tamén na estratexia deportiva da Concellería de Deportes e polo tanto imos votar a favor.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Eu alégrome moito de que todo o mundo queira que cando se presente unha moción contemos con todos, pero en todo caso penso que isto tampouco dá para moito máis, é dicir, cada grupo municipal ten unha capacidade de iniciativa política propia e neste sentido o que se vota na Corporación é o que se trae nos textos das mocións, deliberacións ou de calquera tipo de rogo. Con independencia da capacidade de iniciativa, o que se supón que hai que votar é o que está presentado nos textos que están rexistrados e pasados por comisión municipal.

O que non se pode é tentar buscar en determinados mecanismos de quen ten a iniciativa, a conveniencia ou non dunha determinada posición política.

Neste sentido dende logo esta moción pode ter a capacidade de amosar un pulo dunha cuestión positiva como calquera outra moción que ven a Pleno por parte de calquera corporativo.

En definitiva, se o que se está tentando é formular que na iniciativa ten que estar feito o debate con carácter previo e que antes se ten que contar con toda a Corporación, dende logo isto suporía un certo cambio do que é unha presentación das actividades a Pleno, é dicir, a capacidade de iniciativa é dos distintos grupos municipais e o que se supón a votación é o texto presentado.

Dito isto eu quero dicirlle a toda a Corporación que penso que a vocación, tanto do PSdeG-PSOE como do BNG nesta moción, é dar unha solución a algo en carácter positivo que se nos presenta dende un determinado barrio. Se o que se quere é definitivamente presentar que esta moción de xeito máis conxunto, se quere parecer á súa propia iniciativa como unha opción presentada polos distintos grupos, dende logo non hai ningún tipo de obstáculo ou inconveniente en facelo así e recoller a luva.

En todo caso, á marxe desa cuestión formal, aquí o que se presenta a votación é un texto dunha resolución que presenta mellorar o aproveitamento do contorno do pavillón de Coruxo. Esquémonos desta cuestión, de cómo nace a iniciativa. De feito no propio acto, os alí presentes e parte dos usuarios do pavillón nos que estaban representados, non os membros aquí presentes do Partido Galeguista, pero si unha representante da Executiva do partido, directamente se falou con algunha xente e algúns ensináronnos, concretamente ó concelleiro Sr. Cotobade que agora non está aquí e a min mesmo, o contorno daquela parcela.

Eu penso que o proxecto é positivo, hai unha parcela ampla no contorno do pavillón que pode dar moito uso para os distintos usuarios, para aparcadoiro, para facer pistas. Eu quero recoller ese espírito positivo e á marxe de calquera trifulca sinxelamente presentar que isto é positivo para a cidade, para Coruxo e se calquera paso que se teña que dar dende este grupo ou este concelleiro de contar na presentación desta moción cos distintos membros da Corporación e co resto dos grupos, pola miña banda se hai que asinar a moción, agora modificala para que todo o mundo a presente, eu estou disposto a facelo de calquera xeito para sacar algo que non debería ter maior problema.

Alégrome ademais, Sr. Alonso, de que se vostede é usuario, se vostede é consciente desta problemática existente, se coida axeitado isto, eu dou o paso que faga falla para que toda a Corporación saque adiante unha moción

que é boa. A miña capacidade de enviar esa interlocución cara ó Partido Galeguista se quere estar incluído, penso que tampouco ten ningún problema. Que se vote o texto e que se tente sacar o que é positivo e tamén se agradece a receptividade dunha iniciativa que é positiva e que semella que se acepta polo goberno municipal.

Sinxelamente nestes termos tentar presentala.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Xamais máis lonxe da miña intención chegar por esta trama que é bastante sinxela a este tema.

Pode estar completamente seguro de que se foran imprescindibles os nosos votos para que se fixera non nos iamos abster; contando con que a presentan en conxunto e sabendo que o Partido Popular apoia a moción a abstención non é importante.

Eu só dixen iso, Sr. Caballero, polos modos ou as formas, como vostede o queira mirar, porque para min non é ético que estean alí falando e non lles custaba nada que, xa que ían presentar os dous grupos unha moción, falar co Partido Galeguista por se quería entrar porque cando hai outras mocións que lles interesan tanto ó Partido Socialista como ó BNG, non destas, senón ó mellor doutras, ben que chaman ó Partido Galeguista para tratar entre os tres grupos facer mocións, como xa se teñen feito e supoño que se farán nun futuro. Sinxelamente trátase dos modos e a formas xa que, sendo eu dalí, sinceiramente púdose contar connosco; non era para este debate.

En canto ó que dixo vostede, Sr. Toba, nós non nos negamos a votar, os votos son tres: abstención, si ou non. Se nós nos abtemos é que estamos votando, demos o motivo e non lle vexo nada máis a isto, as cousas son como son. Nós imos votar, votamos cunha abstención porque non nos gustaron nin os modos, nin as formas.

Digo de novo que estou totalmente de acordo co que se presenta pero iso non quere dicir que estea de acordo coa forma coa que tanto o Sr. Cotobade como vostede fixeron esta moción sen contar connosco, nin máis, nin menos.

SR. SOTO FERREIRO: Non vou falar do que tan ben falou o meu compañeiro, Sr. Alonso, porque como non podía ser doutro xeito estou ó 100% de acordo con el.

As iniciativas conxuntas do Bloque e do PSOE nesta Corporación foron absolutamente nefandas para Vigo. Se seguen por este camiño igual son nefastas tamén no futuro. Enténdenme? Polo tanto, cando queiran presentar iniciativas pensen politicamente no que fan porque nós estando de acordo

absteremos, que non é votar en contra, dicindo que nos parece unha iniciativa positiva e díxoo moi ben o Sr. Alonso. As formas son perigosas no aspecto que el expuxo e eu expoño outro: por qué temos que ter nós confianza nas accións conxuntas do PSOE e do Bloque? Eu non teño ningunha. Enténdenme?

Ademais non será posible no futuro, refírome á próxima Corporación para falar claro e alto, que vostedes voten cousas que decidan conxuntamente. Polo tanto, se queren debuxar camiños de prosperidade para Vigo, aprendan a contar cos demais porque o Partido Galeguista vai ser imprescindible.

Vostedes están lexitimados para presentar os asuntos e as mocións que lles peten. Todas as que queiran e moitas máis, pero repito que a súa andaina xunta foi nefasta para Vigo. Non insistan, por favor, porque me temo que están condeados ó mesmo camiño, polo que sigo observando. Polo tanto política-ficción cara ós cidadáns, pasando o que pasa aquí e sabendo o que sabemos todos, que digan o ben que se levan e que non se entenden cos demais, non, eu non vou ser cómplice silencioso desas patrañas políticas e esta moción na súa presentación política é unha ficción.

No estricto senso da moción: positivo, non hai nada que dicir. Por iso, mesmo sen influir na votación, non queremos en ningún caso aparecer como contrarios á mesma e abstémonos.

SR. TOBA GIRÓN: Con moita tranquilidade. Por favor, isto é unha Corporación democrática na que cada grupo ou grupos toman as iniciativas que lle parecen razoables e do xeito que lles parece razoable e non vou permitir que iso se baquetea aquí de ningún xeito.

Ó longo deste Pleno no que temos mocións, o BNG presentou dúas mocións como propio BNG e esta moción foi conxuntamente cos compañeiros do Partido Socialista e iso vai seguir acontecendo todas as veces que haxa coincidencias que espero que sexan moitas e a quen lle proe que aguante, se é que a alguén lle proe; ou que estea na iniciativa.

Eu si entendo honestamente a posición do Sr. Alonso. O Sr. Alonso é de Coruxo, procede dalí pero non tomou a iniciativa de poñer isto enriba da mesa e di que quería estar na foto porque é de Coruxo e alí ten a súa parroquia. Compréndoo, entendo que é unha forma de facer política como calquera outra, forma que eu non comparto pero que en todo caso é perfectamente lexitima. Estou falando con claridade porque a min si que me gusta falar claro.

Polo demais, cando dous grupos ou un grupo toma unha iniciativa e pona diante do Pleno ben pode ocorrer que o resto dos grupos a apoiem e por mandato democrático a partir dese momento a iniciativa despréndese da súa propia patrimonialización partidaria porque pasa ser unha iniciativa do propio Pleno da Corporación. Nese sentido o BNG está encantando de recibir neste caso por suposto o acordo do Partido Socialista e o apoio do Partido Popular e entendo tamén o apoio do Sr. Alonso e do Sr. Soto, independentemente da cuestión de carácter secundario que ambos presentan.

Estamos encantados de que se vote por todo o Pleno da Corporación e de que a partir dese momento se perdan as siglas do BNG e do Partido Socialista e pase seren subscrita polas siglas da Corporación municipal porque iso é unha iniciativa política.

Polo camiño, claro que si, haberá moitos máis acordos; ó longo deste mandato efectivamente pasaron moitas cousas pero se algo houbo foron acordos a distintas bandas.

Señores, o Partido Popular trae deseguido unha moción que fala do transporte de ría e vou anticipar algo que vou dicir: baixo o meu punto de vista coido que o Partido Popular equivocouse ó traer esa moción. Tratándose dun asunto dese tipo debeu forzar un acordo da Xunta de Voceiros pero en todo caso ten perfecta lexitimidade para traer esa moción a Pleno e para que a discutamos en razón da súa propia iniciativa política; aviados estaríamos.

Dos futuros entendementos de cada quen xa falara o futuro, pero todo o mundo sabe que o Bloque Nacionalista Galego ten unha profunda vocación de entenderse co Partido Socialista e que o que aconteceu en Vigo nos últimos anos foi unha circunstancia que impediu eses acordos pero que por parte do Bloque Nacionalista Galego estamos dispostos a superar dende hai xa moito tempo.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Vexo que ó final o debate deriva noutro tipo de cuestións. Tomando coma unha excusa unha cuestión de forma, non entrando nunha votación na que o que se somete é sinxelamente a cuestión dos argumentos que se recollen na moción e na propia resolución.

A partir daí non sei doutras iniciativas pero esta iniciativa conxunta que presenta o PSdeG-PSOE e o BNG nesta Corporación e neste Pleno neste momento concreto, é unha proposta positiva, non é negativa e se recoñeceu mesmo neste caso polo Partido Galeguista e se o que está expoñendo é a capacidade de presentar conxuntamente, dende este concelleiro e dende este grupo

municipal se lle presentou hai uns minutos, na intervención anterior, a posibilidade de se engadir, se quere na forma de votación ou se quere mesmo presentando unha moción conxunta que é do que se falou na primeira intervención feita dende o Partido Galeguista.

Polo tanto se hai un acordo sobre o fondo votémolo e teñamos acordo do fondo; se se quere formular doutra forma, fágase. En todo caso quero dicir con total claridade que en canto ás formas de presentación desta moción non hai máis que recoller con total claridade o seu carácter perfecto.

Dito isto e facendo invitación a se engadir na votación ou se se quere modificar na presentación para incorporar tamén. Pero aínda que non se fixese, calquera concelleiro, calquera grupo municipal ten a capacidade de presentar esta moción sen que ninguén poida dicir que as formas non son as correctas. Non se pode dicir que a capacidade de presentar mocións dun concelleiro ou varios grupos municipais supón calquera tipo de acción que impida a conveniencia da mesma.

Polo tanto, feito todo tipo de invitación e con todo tipo de vontade de cooperación con toda a Corporación, co Partido Galeguista tamén, non se pode pedir máis nin na iniciativa, nin no desenvolvemento. Se o Partido Galeguista era consciente da necesidade desta moción e se pesaba conveniente presentala previamente, podía facer. En moitas mocións que o Partido Galeguista presenta neste Pleno evidentemente ó chegaren e leren os textos moitos podemos estar de acordo e o que non se pode dicir é que, ó non haber unha actuación conxunta, non se presente a votación.

Polo tanto, co mesmo espírito de cooperación vólvese facer a proposta. Esta é unha moción positiva para Coruxo e para Vigo e desa capacidade de mellorar as cousas responde esta Corporación e os seus grupos municipais.

Polo tanto eu invito a toda a Corporación, e tres grupos municipais manifestárono xa así, a apoiar algo que é bo e que o sabe ben tamén o concelleiro que defende a posición dese grupo dende a oposición porque é usuario dese pavillón.

Polo tanto esta é unha situación real, calquera tipo de iniciativa política ten que ser exercida con liberdade con todo tipo de actuación entre un grupo ou entre varios e ninguén pode nestas cuestións formais excusar a súa responsabilidade no voto. Ese é o deber na Corporación.

Alí estaban os distintos membros da Corporación e responderon deste xeito; cando rematou, unha serie de representantes invitaron ó Sr. Cotobad e a min mesmo a estar alí e, señores do Partido Galeguista, vostedes dous podían

estar alí e había un representante de seu alí que non nos acompañou naquel momento.

En todo caso trasladoo aquí, fágase a votación, se queren asinar a moción que sexa conxunta de todos os grupos e non esteamos alongando máis un debate que en cuestión de fondo está claro e que dende logo penso que en cuestións de formas está indo a un lugar que non debería.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Penso que é facer política, vostedes expoñen unha cousa e aquí se expón outra. Politicamente coidamos que non é correcto o que vostedes fan e así o expoñemos por iso que non sei a que ven tanto debate. En canto o que di vostede sobre o tema da foto, Sr. Toba, eu estou farto de saír na foto, non é iso, a min me dá igual, ninguén é profeta na súa terra e eu mesmo precisamente non son profeta, así de claro. Agora ben, doeume persoalmente e así o digo e así o expresei que non se me chamara para me dicir que se ía presentar esta moción. Tamén dixen que se fora necesario o meu voto votaría a favor, pero como é totalmente irrelevante o noso voto, que se vote dunha vez, que se faga e punto, pero non é nin por saír na foto, nin nada polo estilo, así de claro. Eu só dixen que non estaba de acordo coa forma na que se presentou e nada máis, iso é facer tanta política coma o que está tres horas berreando, falando de hai 40 anos, ou do que ven dentro de medio minuto. Eu fixen a miña exposición e todo o demais non sei a santo de qué ven.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobade Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN E ACORDO: Con vinteún votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polos concelleiros Sres. Cotobade Tombo e Caballero Míguez, dos Grupos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, respectivamente, instando a elaboración dun proxecto de utilización do contorno do polideportivo das Roteas en Coruxo.

8.- (167).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Ó MANTEMENTO DO
SERVIZO DE TRANSPORTE DA RÍA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27 de xullo de 2006, o voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"O transporte marítimo de viaxeiros entre Moaña-Vigo, Cangas-Vigo, Cangas-Cíes, Vigo-Cíes e Baiona-Cíes, úsano preto de 1,1 millón de viaxeiros e viaxeiras ó cabo do ano.

En febreiro deste ano unha sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza ven de declarar a obrigatoriedade de liberalizar o transporte marítimo dentro da Ría de Vigo.

Esta sentenza anula a Lei de declaración de servizo público de titularidade da Xunta de Galicia do transporte público marítimo de viaxeiros na Ría de Vigo do ano 1999, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia.

Dende esa data ata hoxe, o Goberno local coñece pola sección da CIG no Comité de Empresa de Mar de Ons, que a concesionaria do servizo de transporte reuniuse ata en tres ocasións co director de Transportes da Xunta de Galicia para coñecer as intencións da Consellería de Obras Públicas e Transportes e as do Goberno Galego nesta cuestión.

Ata o de agora a resposta do Sr. director de Transportes non clarexa nada e, lonxe de tranquilizar ós traballadores de Mar de Ons, sementa máis dúbidas sobre a continuidade dos seus postos de traballo nun futuro non moi lonxano.

Semella que a Xunta de Galicia ten a intención de, amparándose na sentenza do Tribunal Europeo, botar balóns fóra e esperar a ver qué pasa a partir do primeiro de xaneiro de 2007. Esta actitude resulta de todo irresponsable á vista da historia do noso transporte da Ría.

Actualmente este servizo ven dando traballo a unha media de 60 persoas cada ano; a maioría deles son traballadores e traballadoras fixos do cadro de persoal.

Unha medida que liberalice por completo o tráfico no interior da Ría, se non vi acompañada doutras medidas parellas que regulen este tipo de transporte pode significar, a medio prazo, a súa desaparición ou a súa transformación nun transporte estacional que só funcione no verán para dar servizo ó Parque Nacional das Illas Cíes. Como se pode comprender isto significaría a desaparición da totalidade do cadro de persoal da empresa.

Finalmente cómpre suliñar que o servizo de transporte de viaxeiros da Ría de Vigo é un servizo público, feito que non pon en dúbida ninguén que coñeza as relacións entre ambas beiras da Ría. A sentenza do Tribunal Europeo estivo motivada polo seu descoñecemento da realidade do servizo de

transporte na nosa Ría e a mala ou nula defensa que está claro exerceron os nosos representantes diante dese Tribunal.

Por todo isto o Grupo municipal Popular presenta para o seu debate e aprobación perante o Pleno o seguinte acordo:

Que o Concello de Vigo se dirixa á Xunta de Galicia instándoa a que, á maior brevidade posible, tome as medidas oportunas para a defensa do mantemento dun servizo de transporte de Ría que garanta a súa calidade e a súa continuidade coas liñas que, como mínimo, operan ata este momento entre Vigo, Cangas, Moaña e as Illas Cíes e a estabilidade laboral do colectivo de traballadores e traballadoras afectados."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 4 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Esta moción preséntase de acordo coas indicacións da sección sindical da CIG no comité de empresa de Mar de Ons e que, logo da exposición de motivos, propón dirixirse á Xunta de Galicia para que, nestas negociacións que ten pendentes coa Unión Europea para a elaboración da nova Lei que vai substituír á de abril de 1999, se garanta a calidade do servizo, a súa continuidade e que ata o momento operen as liñas que existen entre Vigo, Cangas, Cies e a estabilidade laboral do colectivo de traballadores e traballadoras afectados o que ademais foi un dos obxectivos desa Lei do 99.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Quería presentar unha emenda á proposta do Partido Popular e por suposto xustificala.

Esta proposta que o Partido Popular nos fai merece ser matizada na medida en que tal e como se presenta poidera dar a entender que o Goberno Galego está ausente da preocupación porque o transporte marítimo de ría se siga producindo no futuro de acordo basicamente coas necesidades dos usuarios e dentro do marco de libre competencia que a Unión Europea neste momento esixe.

Coma iso non é así e como ademais cóstanos e a vostedes tamén, Sres. do Goberno, que a Xunta de Galicia está pendente da resposta do Goberno de Vigo para que senten a negociar un convenio que regule o transporte da área metropolitana na que estaría incluído este transporte marítimo, con condicións favorables para os usuarios, mesmo sabemos que teñen falado con vostedes para que se poida establecer algún tipo de bonificación, como se fixo no seu día para aliviar o peso da peaxe na ponte de Rande, parécenos

que se isto non se aporta á moción quedaría falseada a realidade e cremos que iso non é axeitado.

Como tamén queremos criticar que nos parece un signo de debilidade por parte dun Goberno Municipal que se teña que apoiar nunha moción destas características para se dirixir á administración autonómica nun tema no que ten unha competencia absoluta o Goberno municipal. Non sabemos que estiveran vostedes tan febles e pouco motivados para facer o seu labor de interlocución institucional.

En todo caso se necesitan un apoio do Pleno, aquí está o grupo Socialista para lles lembrar que esta cuestión ten alomenos eses dous enfoques e polo tanto, se vostedes nos aceptan unha emenda moi sinxela que sería engadir no primeiro parágrafo "...en cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de marzo de 2006" e un segundo parágrafo no que se diría "Que o Concello de Vigo resposte de inmediato á proposta da Xunta de Galicia para acordar mediante convenio, por ser Concello afectado polo cambio no réxime de concesión do servizo de transporte marítimo de ría, o plano do transporte metropolitano no que este se enmarca".

Ista é a proposta que fago ós grupos; se hai debate por suposto estaría encantada en dar algún argumento máis a prol da nosa proposta.

SR. FIGUEROA VILA: O Goberno da cidade de Vigo xa respostou ó Goberno da Xunta de Galicia cal é a súa proposta con respecto ó transporte metropolitano e hai unha cuestión fundamental que é a única que nos leva a dicirlle que é inviable. Como comprenderá nós non podemos contemplar na praza de España unha localización permanente para a recollida de todos os autobuses de entrada en Vigo, sería colapsar totalmente o tráfico na cidade.

Se queren negociar a partir desa premisa, evidentemente é o que estamos a facer pero esa premisa é algo irrenunciabile por parte deste Concello. Como vostede comprenderá o traballo que se fixo, non xa dende este Goberno, senón de Gobernos anteriores, de quitar o transporte metropolitano fóra do centro da cidade, levándoo a unha estación de autobuses na avenida de Madrid, sería un atraso tremendo voltar outra vez ó que aconteceu durante os últimos vinte anos nesta cidade.

Como comprenderá é aplicar o sentido común. Na praza de España é totalmente imposible.

Con isa condición estamos dispostos a votar a moción pero que quede claro e supoño que o apoiarán todos os grupos políticos que non se pode propoñer

unha estación ou unha localización intermodal de todo o transporte da área metropolitana na praza de España porque isto significaría colapsar a cidade. Ademais iso foi algo que acordou este Pleno nalgún momento entre os anos 90 e 95 e a partir daí, esa política foise aplicando en canto ó transporte da área metropolitana e por iso se construiu unha estación de autobuses na avenida de Madrid e o Plan Xeral contempla unha serie de propostas como a estación na localización actual de RENFE.

Iso é unha demanda que presentan dun xeito claro as empresas; evidentemente todo o que sexa pasar polo centro da cidade moitísimo mellor para eles pero non podemos voltar a esa situación e supoño que estaremos todos de acordo con esa premisa.

Se vostede acepta esa condición porque é algo irrenunciabile por parte deste Concello, nós estamos dispostos a aceptar a súa engádegas a esta moción.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Sobre a proposta que vostede me fai eu teño que lle facer outra un pouco por elevación porque a cuestión é que vostedes nos traen ó Pleno unha moción concreta sobre o transporte marítimo de ría que é unha parte da situación e das necesidades do transporte colectivo público na área metropolitana de Vigo.

Se o que agora fan é condicionar un acordo xeral para todo o transporte da área metropolitana a partir dunha moción puntual que fala do transporte marítimo de ría, estamos a facer algo un pouco estrano. Eu diríalles que retiren esta moción, Sr. Figueroa; se o que queren realmente é chegar a un acordo ou presentar ós grupos políticos unha situación na que dende Vigo saia unha proposta unánime sobre cómo entendemos na Corporación que debe ser ese transporte metropolitano, tanto no que se refire ó que falaba vostede da avenida de Madrid, como neste caso concreto, coido que é unha exposición correcta e nós estamos dispostos a entrar nesa proposta.

Pero a través desta iniciativa que é parcial, que responde a unha cuestión puntual, máis pensando nos intereses dunha empresa que nós tamén compartimos e nos preocupa, que nos intereses dos usuarios, francamente cremos que é un percorrido un pouco retorto que o que busca é darlle unha alabazada política á Xunta de Galicia, xustificarse o Goberno Local como que está facendo algo para algo e a realidade non resolve nada.

Coido que debemos traballar máis en tomar acordos que sexan aplicables, eficaces e que realmente vaian máis aló da mera retórica de debate nun Pleno que busca un titular. Sinceramente se vostedes retiran esta moción e

nos sentamos a traballar os voceiros no tema do estudo do transporte metropolitano de Vigo, pareceríanos perfecto.

SR. FIGUEROA VILA: Non temos ningún problema en retirala en aras de buscar un consenso pero, como xa se dixo aquí na anterior moción, coido que a iniciativa política dos grupos da cidade de Vigo tampouco pode quedar á marxe de procuras de consenso de todos os voceiros. Se nós non presentásemos esta moción ó mellor non se tentaría producir esa procura de acordos.

A maneira que temos os grupos políticos de sensibilizar á opinión pública e mesmo ós demais grupos da Corporación, é presentado iniciativas políticas. Ista é unha que se trae, temos todo o dereito igual vostedes tiveron a iniciativa do tema das Roteas; naquela reunión tamén estaba a Sra. Polo e nós votamos a favor e parécenos correcto, uns poden andar máis rápido politicamente que outros e rematou. Isto non lle ten que molestar absolutamente a ninguén.

Dito isto estamos dispostos a retirar esta moción, estudala e buscar os acordos posibles para todo o transporte da área metropolitana, pero coido que temos que coincidir en que nós temos que partir da base que meter o transporte pesado de autobuses no centro da cidade é algo inviable e coido que sería un erro tremendo que calquera goberno tomase esa decisión.

Ademais hai a cuestión de que co Sr. Baños, á parte da relación política, hai unha relación persoal coido que exquisita por parte de todos os membros desta Corporación na que se inclue o Sr. Coello e eu persoalmente.

En aras de buscar ese acordo retiramos a moción e tentaremos convocar unha xuntanza para tratar ese tema no seu conxunto.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Quérolle dar as grazas e por suposto dicirlle que cando falaba de retirar a moción non era para restar iniciativa política ó Goberno, senón para lles lembrar que vostedes teñen outras canles para tomar esas iniciativas pola vía executiva porque para iso son goberno. Grazas pola súa decisión.

O relator da moción, Sr. Figueroa Vila, retira a moción non sendo sometida a votación.

URXENTES:

A.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN DIFERENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de setembro, a voceira do Grupo municipal Socialista, Sra. Porteiro García, presenta proposta de nomeamento de membros do devandito grupo para formar parte da Xunta Rectora do Organismo autónomo municipal Escola de Artes e Oficios, co gallo da baixa do concelleiro do citado Grupo, Sr. Barros Puento.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acadala maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola voceira do Grupo municipal Socialista quedando adscritos ás comisións informativas que se citan os seguintes concelleiros pertencentes ó Grupo municipal Socialista:

CI PROMOCIÓN ECONOMICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL:

Titulares:

D^a Belén Sío Lourido

D. Gonzalo Caballero Míguez

D^a Alicia Garrido Fernández

Suplente:

D. Mauricio Ruiz Cenicerós

CI DE SERVIZOS XERAIS:

Titulares:

D^a M^a Luisa Graña García

D^a M^a Xosé Porteiro García

D^a Alicia Garrido González

Suplente: D. Mauricio Ruiz Cenicerros
CI DE XESTIÓN MUNICIPAL:
Titulares: D^a M^a Luis Graña Barcia
D. Gonzalo Caballero Míguez
D^a Alicia Garrido González
Suplente: D^a M^a Xosé Porteiro García
CI DE ASUNTOS SOCIAIS:
Titulares: D^a Belén Sío Lourido
D^a M^a Xosé Porteiro García
D. Xulio Calviño Rodríguez
Suplente: D^a Alicia Garrido González

B.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de setembro, a voceira do Grupo municipal Socialista, Sra. Porteiro García, presenta proposta de nomeamento de membros do devandito grupo para formar parte da Xunta Rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios, co gallo da baixa do concelleiro do citado Grupo, Sr. Barros Punte.

(Están ausentes a Sra. Porro Martínez e os Sres. Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo e Iglesias Carrera).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola voceira do Grupo municipal Socialista, nomeando como representantes do devandito grupo na Xunta Rectora da Escola Municipal de Artes e Oficios ás seguintes concelleiras:

- D^a M^a Luisa Graña Barcia
- D^a Belén Sío Lourido
- D^a Alicia Garrido González

9.- (168).-ROGOS E PREGUNTAS.

- * PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ RELATIVAS Ó CUMPRIMENTO DE VARIOS ACORDOS PLENARIOS.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de setembro, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, presenta o seguinte escrito:

"No nome e representación do Grupo Municipal do BNG o concelleiro Amador Fernández Fernández, ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e por iso anúnciolle que en cada Pleno ordinario fareille cando menos o recordatorio de seis e moito me temo de non ter suficientes Plenos na presente lexislatura para lle lembrar a súa ineficacia para cumprir os acordos plenarios. Por iso presento e formulo por escrito as seguintes preguntas para, a ser posible, sexan respostadas no próximo Pleno ordinario do mes de agosto do ano que andamos.

1.- Qué medidas tomou ou cando as pensa tomar para o cumprimento da moción aprobada en Pleno para presentar os novos proxectos de sinalización de entradas e saídas do II cinto da nosa cidade?

2.- Ten vostede intención de cumprir a ordenanza de limpeza da maleza dos bordos das estradas autonómicas, provinciais e locais, en terreos públicos e privados e cando pensa ordear a súa limpeza?

3.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Santa Marta?

4.- Ten vostede coñecemento de que no Concello existe a expropiación de terreos da parte baixa do río Pepín, río Sameirás en Cabral, o que permite xa continuar co ensanche da canle e facer o sendeiro?

5.- Temos xa algunha posibilidade de coñecer os prazos de inicio das novas obras de acceso ó aeroporto incluídas no Plan director?

6.- Canto tempo ten que pasar para que se ordene a reparación do latro da rúa Palencia, no centro do Calvario?"

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presento a miña relación mensual; con que ma resposten dentro dun mes doume por satisfeito pero ó fío do debate deste Pleno lembrareille que ó inicio desta relación de rogos e preguntas que lle fago mensualmente dígolle que dende hai oito meses este concelleiro e o seu Grupo teñen asumidos coma propios os acordos que en distintos Plenos se tomaron por unanimidade e se non se cumpren, lémbrollo ó Goberno.

Ás veces é bo que saibamos que hai traballos persoais, de grupos e políticos pero o único que importa é traballar por Vigo e facer que o Goberno cumpra os acordos unánimes e facelos propios todos os corporativos.

A PRESIDENCIA: Recóllense as peticións do Sr. Fernández.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SRA. SÍO LOURIDO RELATIVO Á COMISIÓN DA BICICLETA.

INTERVENCIÓN DA SRA SÍO LOURIDO: O primeiro rogo ten que ver cun que fixen no mes de xuño, exactamente ó relativo á Comisión da Bicicleta, en concreto con dúas cuestións. Nese rogo pediamos a convocatoria da Comisión da Bicicleta que certamente se convocou, e tamén lembrabamos ó Goberno dúas cuestións. A primeira que solicitase os 140.000 euros que están previstos para Vigo, para crear un sistema de aluguer de bicicletas e outra pedir fondos nunha cantidade de entre 50.000 e 300.000 euros para facer un plan de mobilidade urbana sostible ou un estudo de viabilidade relacionado con plan.

O rogo é que non se esquezan deste tema por favor, porque o prazo remata o próximo día 20 do mes que andamos e non temos novas de que se teñan solicitado os citados proxectos.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SRA. SÍO LOURIDO, RELATIVO Ó MANTEMENTO DA PRAZA DO BERBÉS.

SRA. SÍO LOURIDO: Outro rogo ten que ver coa praza do Berbés. Neste semana estiven alí que todos sabemos que é a orixe e o corazón da nosa cidade histórica, o barrio de pescadores por autonomasia e ó longo da súa historia

sufriu cambios e remodelacións. Na súa última adaptación, que eu non discuto, non se humanizou a citada praza.

O rogo é que coido que se pode facer moito máis humana e o mantemento é cousa do Concello que a ten que manter limpa porque non o está; forma parte dun itinerario que se chama 100 minutos do mar en Vigo e non está todo presentable que debería para os turistas, para as persoas tanto de Vigo coma de fóra.

Por iso o meu rogo é que se manteña esa praza como ten que ser para as visitas e tamén deixo aberta a posibilidade de presentar unha moción porque coido que se pode facer moito máis humana e todos temos que nos sentir orgullosos dela.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SRA. GRAÑA BARCIA, RELATIVO Á CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN PARA ESTUDO DO DESTINO E USO DE EDIFICIOS INSTITUCIONAIS.

SRA. GRAÑA BARCIA: Dous rogos e unha pregunta. A pregunta presentouse por escrito dentro do prazo previsto e por tanto esperamos que conforme ó regulamento a resposta se produza neste acto e non dentro dun mes.

Como primeiro rogo lembrar que este Pleno adoptou a decisión unánime de constituir unha comisión para o estudo do destino e uso de edificios institucionais. Este acordo arrancou o 23 de febreiro de 2004 e reiterouse en varias ocasións pero ata a actualidade tal comisión non se creou e sen embargo en datas próximas producírase por decisión unilateral da Alcaldesa o traslado da Alcaldía ó antigo edificio do Rectorado.

O presente rogo ten por tanto coma finalidade lembrarlle a súa obriga de cumprir o acordo plenario e por tanto de crear a comisión. Dado o tempo transcorrido e as decisións que se adoptaron, das que temos coñecemento moitas veces a través dos medios de comunicación, esta convocatoria debера producirse antes do traslado da Alcaldía ó edificio do Rectorado e no seu caso antes do próximo Pleno.

Esperamos que neste caso o Goberno cumpra coa súa obriga.

SR. SOTO FERREIRO: Con respecto a este rogo da Sra. Graña déixeme dicirllo que, a máis de mostrarme absolutamente conforme coa súa intervención, quero ir un paso máis alá. O Partido Galeguista non vai consentir este "toreo"

impune que lle pretende facer o Goberno municipal ó Pleno da Corporación. Non consentir significa que ten que haber prazos concretos.

Sr. Alcalde-Presidente en funcións, poderíamos e podemos falar xa, chegado o caso, de inconveniencia do por qué do traslado da Alcaldía que se pretende se é que vostedes non nos dan oportunidade de consensuar porque isto debера ser un tema de todos.

Trasladar a Alcaldía de Vigo pola vontade política dun ou mesmo de dous grupos de catro sería un erro político descomunal porque entón se cada vez que cambie a cor do goberno vai cambiar a Alcaldía dun lado para outro sería nefasto.

Ademais vostedes están desoindo un mandato plenario de hai meses e isto é unha posición non democrática; teñen que corresponder coa democracia que naturalmente temos formalmente e pasalo ó fondo, non só deixar que as cousas se aproben no Pleno senón materializar, efectivizar as propostas que se dan no Pleno da Corporación.

Se vostedes na próxima semana non teñen convocado unha Xunta de Voceiros para falar deste tema, o Partido Galeguista dende logo non vai tomar ningún protagonismo pero si considerar que o Partido Popular ponse á marxe do consenso e tentará buscar cos demais o consenso que o Partido Popular quere obviar e deixar de lado.

É máis, por se acaso lémbrolles que unha maioría de concelleiros pode ter as iniciativas que lle peten, incluída a convocatoria de Plenos extraordinarios para tomar as decisións que queiran. Dígollo para lles pedir que realmente tenten de facer un consenso neste tema. Se non o fan alá vostedes, mal servizo lle farán a Vigo se realmente nun tema deste tipo non buscan o consenso do conxunto da Corporación.

* ROGO DA SRA. GRAÑA BARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVO A INFORMACIÓN SOLICITADA NA COMISIÓN DE CONTROL DA CONTRATACIÓN E RELACIÓN CON PROCESOS CONTRACTUAIS.

SRA. GRAÑA BARCIA: Na comisión de Control da Contratación solicitouse información relativa a varios procesos contractuais. Esta información solicitouse de xeito reiterado e permanente dende o mes de marzo. Lembro que a falla de información vulnera o dereito de información dos membros da Corporación.

Rogamos por tanto que non se produzan estas situacións, que se subsane inmediatamente esa falla de información que se produce respecto a distintos procesos de contratación no seo da contratación e lamentablemente hai que lembrar que se cumpra a obriga legal de informar de xeito puntual e detallado ós concelleiros sobre aqueles asuntos dos que reclaman información.

* PREGUNTA FORMULADA POLA SRA. GRAÑA BARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA Ó INCUMPRIMENTO DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de setembro, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte pregunta:

"No Pleno correspondente ó mes de xuño presentouse por este grupo municipal unha moción relativa ó incumprimento do contrato de zonas verdes, en concreto ós servizos da tempada da praia de Samil por parte da adxudicataria.

Na nosa proposta, que se aprobou por unanimidade, solicitabamos que se esixira á adxudicataria o cumprimento do contrato.

Qué actuacións se levaron a cabo?

Lembrámoslle que o artigo 97.7 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, di o seguinte:

Es cualquier cuestión planteada a los órganos de gobierno en el seno del Pleno. Pueden plantear preguntas todos los miembros de la Corporación, o los grupos municipales a través de sus portavoces.

Las preguntas planteadas oralmente en el transcurso de una sesión serán generalmente contestadas por su destinatario en la sesión siguiente, sin perjuicio de que el preguntado quiera darle respuesta inmediata.

Las preguntas formuladas por escrito serán contestadas por su destinatario en la sesión siguiente, sin perjuicio de que el preguntado quiera darle respuesta inmediata.

Las preguntas formuladas por escrito con veinticuatro horas de antelación, serán contestadas ordinariamente en la sesión ,o por casus debidamente motivadas, en la siguiente".

A Sra. Graña Barcia procede e ler o texto que se transcribe nos antecedentes.

A PRESIDENCIA: Esta pregunta pasouse ó servizo correspondente e supoño que se lle facilitará por escrito á Sra. Graña todo o traballo que se fixo durante os últimos meses de seguimento dese contrato de parques e xardíns. Polo tanto pedimos ó departamento que lle pase por escrito esa información antes do próximo Pleno.

* PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CABALLERO MÍGUEZ, RELATIVA Á SITUACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE SÁA EN BEADE.

SE. CABALLERO MÍGUEZ: Quería facer dous preguntas para ter información sobre dous aspectos a título informativo. En primeiro lugar quería preguntar ó Goberno municipal en relación do parque de Saa en Beade, qué proxecto de desenvolvemento ten alí o Goberno e cómo está a levalo a cabo, qué pasos se teñen dado. Era un parque que tiña randeiras e xa foi reclamado polos veciños.

Quería ter información de cómo se está a aplicar a recuperación do parque dende que se retiraron as randeiras hai máis dun ano.

* PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SR. CABALLERO MÍGUEZ, RELATIVA Á ORGANIZACIÓN DUN CRUCEIRO POLO MEDITERRÁNEO POR BENESTAR SOCIAL.

SR. CABALLERO MÍGUEZ: Quería preguntar tamén ó Goberno municipal en relación ó cruceiro polo Mediterráneo subvencionado polo Concello no que sairon máis dun centenar de vigueses e viguesas o pasado luns. Quería saber por qué sairon do aeroporto da Coruña e non do de Peinador. Qué pasos se deron para tentar que se fixese dende aquí e por qué para levar á xente penso que a Madrid, tiveron que levalos en autobús ata o aeroporto da Coruña para dende alí ir á capital. Pregunto a título informativo.

A PRESIDENCIA: Pasamos as súas preguntas ós servizos para que lle resposten.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vinteseite minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Primeiro Tenente de Alcalde, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O PRIMEIRO TTE. DE ALCALDE, O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Manuel Figuroa Vila

José Riesgo Boluda.